

Decreto 126/2008 - Bacharelato Galicia

Achegado por Administrator
martes, 24 de junio do 2008
Última actualización lunes, 30 de junio do 2008

Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Descargar documento (DOG 23 xuño) - 813.47 Kb

Pincha en ler mais para os comentarios.

Contidos do documento pdf que afectan ós departamentos de música:

- Páxina 4. Artigo 7.2. Materias de modalidade do Bacharelato de Artes escénicas, música e danza.

-

- Primeiro curso:

- Análise musical I.
- Anatomía aplicada.
- Cultura audiovisual.
- Linguaxe e práctica musical.

- Segundo curso:

- Artes escénicas.
- Historia da música e da danza.
- Literatura universal.
- Análise musical II.

- As materias de debuxo artístico I e debuxo artístico II; debuxo técnico I e debuxo técnico II; análise musical I e análise musical II son materias de aprendizaxes progresivas; requirirase a superación das de primeiro curso para seren avaliadas as de segundo curso.

- Páxina 5. Artigo 7.5. O alumnado deberá cursar tres materias propias de modalidade en cada un dos cursos do bacharelato. Das seis materias de modalidade que se deberán cursar no conxunto dos dous cursos do bacharelato, polo menos cinco deberán ser da modalidade elixida.

- Este artigo abre unha vía para ofertar as materias da modalidade das artes en calquera outra modalidade do Bacharelato, dentro de esa sexta materia que o alumno pode escoller fóra da súa modalidade.

- Páxina 5. Artigo 7.6. O alumnado que opte pola modalidade de artes deberá cursar cultura audiovisual en 1º e técnicas de expresión gráfico-plástica en 2º, se elixiu a vía de artes plásticas; deberá cursar cultura audiovisual en 1º e historia da música e da danza en 2º se elixiu a vía de artes escénicas.

- ¿Que profesorado vai a impartir a materia de cultura audiovisual?

- Páxina 5. Artigo 8.2. O alumnado cursará unha materia optativa tanto no primeiro como no segundo curso do bacharelato cunha carga lectiva igual á das materias propias de modalidade.

- Páxina 5. Artigo 8.4. En calquera caso, na oferta de materias optativas a que se refire a epígrafe anterior os centros ofrecerán obrigatoriamente: segunda lingua estranxeira, tecnoloxías da información e comunicación e música que serán cursadas nun dos cursos, agás a segunda lingua estranxeira, que poderá ser cursada nos dous cursos.

- Páxina 7. Artigo 16.3. O alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de música e danza obterá o título de bacharel se supera as materias comúns do bacharelato, de acordo co establecido no artigo 50.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

-
A consecuencia deste artigo, que xa viña enunciado na LOE, será que os alumnos que cursen os últimos anos de grao profesional de música ou danza non estean interesados no Bacharelato das Artes escénicas, música e danza (BAEMD). Xa que só necesitarán para titular as materias comúns, poderán escoller calquera modalidade do Bacharelato. En consecuencia, o BAEMD quedará para outros alumnos. E os centros terán que cambiar a súa mentalidade, xa que nestes intres é opinión moi difundida que o BAEMD serve para os alumnos dos conservatorios de música e danza.

- Páxina 44. Currículo de Análise Musical I e II.
- Páxina 56. Currículo de Cultura Audiovisual.
- Páxina 71. Currículo de Historia da Música e da Danza.
- Páxina 75. Currículo de Linguaxe e Práctica Musical.